

XIX Marathón Fútbol – Sala Masculino – 24 horas

Vense celebrando o último fin de semana do mes de xullo. Este campionato deportivo converteuse en cita ineludible para os afeccionados ao fútbol – sala das comarcas do Condado e Paradanta e a súa área de influencia. Está organizado pola Concellaría de Deportes.

Un dos atractivos deste evento é a súa dotación económica que ascende a máis de 3.000,00 €uros máis trofeos repartidos en 4 premios de 1.800,00 € para o equipo gañador, 700,00 €uros para o 2º clasificado e 250,00 € para os equipos que acaden o 3º e 4º posto respectivamente. Ademais os equipos que resulten eliminados na primeira fase teñen a posibilidade de xogar un torneo paralelo ou "Fase B".

Quince días antes, celébrase o sorteo para determinar a participación dos máis de 25 equipos e para designar os horarios dos encontros así como a composición dos 8 cabezas de serie, formados a súa vez por 3 equipos, dos que os dous primeiros clasificados pasarán a oitavos de final e os eliminados á Fase B. Durante estas 24 horas deportivas dispútanse máis de 50 partidos ata chegar á final que ten lugar o último domingo de xullo ás 9 da noite.

HISTORIA DO MARATÓN. No ano 1.990 celebrouse a 1ª Edición.

Durante a última década, este evento afianzouse como un dos certames deportivos máis relevantes da Comarca da Paradanta. Durante todos estes anos o Concello, a través da súa concellaría de Deportes, traballou con dedicación e ilusión para consolidar esta proba deportiva que hoxe goza dun poder de convocatoria máis que satisfactorio.

No ano 1990, celebrouse a primeira edición como unha proba deportiva na que se puntuaba a destreza e rapidez dos xogadores, a coordinación do equipo e as estratexias de xogo. Ao mesmo tempo, a organización tentaba que esa convocatoria se convertera na plataforma ideal para dar a coñecer A Cañiza na época estival, estación perfecta para disfrutar das súas instalacións turísticas, da súa gastronomía así como da programación cultural e lúdica.



Hoxe, case 19 anos despois, este dobre obxectivo está cumprido e conséntase na cantidade de equipos que participan e que cada ano superan as anteriores edicións así como nos numerosos visitantes que abarrotan as gradas deportivas.

V Marathón Feminino Fútbol Sala

A competición das 24 horas da paso ao V Marathón Feminino de Fútbol Sala que tamén se celebra nas instalacións do Pavillón Polideportivo de A Cañiza. Ten lugar o primeiro fin de semana do mes de agosto. O torneo comeza a partires das catro da tarde do sábado e os premios están dotados con 500,00 €uros. A participación no tocante a equipos é moito máis reducida que o evento masculino, xa que este último está consolidado dende hai máis dunha década. O equipo gañador está dotado con 250,00 €, o segundo clasificado con 150,00 € e os equipos que acaden o 3º e 4º premio con 100,00 €uros.